

Comité Avifaunístico

Sociedade Galega de Ornitoloxía

Foto: © José M. Alonso Pumar



Comité Avifaunístico da
Sociedade Galega de
Ornitoloxía (CA/SGO)



Comité Avifaunístico

Sociedade Galega de Ornitología



Comité Avifaunístico da Sociedade Galega de Ornitología
(CA/SGO)

O Comité

O **Comité Avifaunístico da Sociedade Galega de Ornitoloxía** (no sucesivo CA/SGO ou simplemente Comité) é o comité permanente de dita ONG encargado de:

- a) levar de forma colexiada a tarefa de **homologar e dar a coñecer** as observacións de aves raras ou das que falte información no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non se traten de taxons sometidos a homologación polo *Comité de Rarezas de la Sociedad Española de Ornitología* (CR/SEO);
- b) **categorizar** os taxons observados en Galicia, segundo o sistema A-E recomendado pola *Association of European Rarities Committees* (AERC);
- c) **elaborar e manter** a lista de taxons das aves de Galicia, que levará o nome de *Lista Padrón das Aves de Galicia*.

A efectos de traballo do CA/SGO, considéranse aves raras aquelas especies, nalgúns casos subespecies, recoñecibles no campo, que a súa presentación no territorio galego sexa tan pouco frecuente que xustifique unha cautela especial á hora de publicar as observacións a elas atribuídas, sobre todo cando a dita rareza súmanse dificultades especiais para a súa correcta identificación no campo e, polo tanto, son elevadas as posibilidades de confusión con especies ou subespecies semellantes.

O CA/SGO manterá, para xeral coñecemento, unha lista de rarezas ou lista de especies e subespecies sometidas a homologación. Esta lista deberá ser convenientemente difundida e periodicamente actualizada coas modificacións que o Comité poida acordar no sentido de engadir ou retirar algunhas destas especies ou subespecies.

O Comité encargarse de recoller toda a información posible relativa á observacións de rarezas producidas no territorio galego e de estudalas coa finalidade de determinar que observacións ofrecen as suficientes garantías de rigor e exactitude de cara a súa eventual publicación. Estas observacións recibirán a catalogación de *observacións homologadas* e como tales publicaranse nos informes periódicos do Comité, baixo a plena autoría dos observadores. As demais, non homologadas, tamén poderán figurar en ditos informes, pero nun apartado propio e sen que consten necesariamente os nomes dos observadores.

Na avaliación dos rexistros deberanse tomar en conta todas as evidencias dispoñibles e, en especial, a descrición das aves rexistradas e as circunstancias nas que se efectuaron as correspondentes observacións. Valorarase tamén a experiencia de campo dos autores, sobre todo con relación ás especies en cuestión ou outras similares. Se só se aportan fotografías, valorarase coidadosamente as circunstancias en que foron feitas e as garantías existentes da súa procedencia e autenticidade.

Decisións posibles dos membros do Comité serán *aceptar* (cando recomenden a homologación), *rexeitar* (se recomendan o contrario) e *pendente* (se consideran necesario solicitar máis información antes de emitir un veredicto definitivo).

Toda a documentación de interese relativa ás citas avaliadas polo CA/SGO manterase debidamente arquivada e á disposición dos estudosos que poidan requerila.

O Comité

O Secretario do CA/SGO elaborará informes anuais sobre as observacións avaliadas polo Comité. Estes informes publicaranse anualmente nos correspondentes *Anuarios das Aves de Galicia*.

O CA/SGO manterá e actualizará periodicamente a listaxe das aves observadas no territorio galego en condicións aparentemente naturais (categorías A e B); procedentes de introducións ou soltas, pero con poboacións plenamente naturalizadas e autosustentables sen necesidade de novas liberacións (categoría C); das que existen dúbidas razoables de se algunha vez se presentaran de forma natural, (categoría D); e as que aínda sendo introducidas ou reintroducidas polo home, de forma deliberada ou accidental, non chegaron a establecer poboacións capaces de manterse por si soas (categoría E), listaxe que se terá o nome de *Lista Padrón das Aves de Galicia*.

As especies das categorías D e E formarán un apartado especial dentro da *Lista Padrón*.

Este sistema de categorías seguido polo Comité é idéntico ao adoptado pola *Association of European Rarities Committees* (AERC), ao igual que sucede coa lista española (Clavell *et al*, 2005). Segundo a AERC, e ampliando as informacións fornecidas liñas arriba, a categoría A corresponde só ás especies citadas en estado aparentemente natural con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1950 e a categoría B ás especies citadas en estado aparentemente natural pero só con anterioridade a 1950. Inclúense tamén dentro da categoría C ás especies introducidas ou reintroducidas polo home fóra de Galicia pero que son capaces de acadar territorio galego polos seus propios medios.

O CA/SGO establecerá subcategorías (tipo C1, C2, etc. ou E1, E2, etc.) se isto permite a maior clarificación do estatus dalgunhas especies ou subespecies. A definición destas subcategorías estará tamén dacordo cos postulados da AERC.

En cuestións de índole taxonómica, en particular o recoñecemento ou non de especies, os nomes científicos das mesmas e a secuencia utilizada para as ordes e familias, a *Lista Padrón* seguirá os acordos que se acadaron respecto diso no seo da AERC.

Os nomes galegos das especies que figuren na *Lista Padrón* serán os oficialmente recomendados pola SGO e que, como tales, publicáronse na revista *Chioglossa* no artigo: Conde Teira, M. Á. 1999. Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada. *Chioglossa*, 1: 121-138. En ausencia aínda de nomes para determinadas especies, utilizaranse nomes provisionais que proporcione o propio CA/SGO.

Outro dos obxectivos do CA/SGO é promover os estudos pertinentes para a consecución de datos que permitan identificar e categorizar os taxons de estatus dubidoso, así como elaborar informes que complementen a documentación aportada polos autores das citas, con mapas meteorolóxicos, padróns de migración e movementos noutras áreas xeográficas ou citas en áreas veciñas.

Por último, tamén será labor do CA-SGO colaborar na medida do posible en publicacións que contribúan ao maior coñecemento da avifauna galega.

Criterios de selección de aves raras

Considéranse *taxons sometidos a homologación polo CA/SGO* aqueles non homologables polo *Comité de Rarezas de la Sociedad Española de Ornitología (CR-SEO)* e que cumpran polo menos dous dos seguintes criterios:

- Criterio 1.** Teñan menos de 100 citas coñecidas (independentemente do número de individuos) nos derradeiros 58 anos (desde o 1 de xaneiro de 1950 ao 31 de decembro de 2007) en Galicia, isto é, no período considerado para a denominada categoría "A". P. ex. *Pterocles alchata*.
- Criterio 2.** Teñan menos de 30 citas publicadas (independentemente do número de individuos) nos *Anuarios das Aves de Galicia* desde o volume I (1992-93) ata o volume IX (2002), segundo a revisión feita por Salaverri & Taboada (2007) para o *Anuario das Aves de Galicia* 2003. P. ex. *Coccothraustes coccothraustes*.
- Criterio 3.** Teñan menos de 7 anos con algunha cita nos *Anuarios das Aves de Galicia* desde o volume I (1992-93) ata o volume IX (2002), segundo a revisión feita por Salaverri & Taboada (2007) para o *Anuario das Aves de Galicia* 2003. P. ex. *Phoenicopterus roseus*.
- Criterio 4.** Nidifiquen en Galicia, pero que o fagan habitualmente en 3 ou menos cuadrículas UTM 10x10 (Martí & Del Moral, 2003), e que haxa menos de 20 citas desde o 1 de xaneiro de 1950 ata o 31 de decembro de 2006) fóra destas grellas. P. ex. *Parus palustris*.
- Criterio 5.** As especies e subespecies que, aínda que non cumpran os anteriores puntos, teñan unha especial dificultade na súa identificación, e/ou precisen da revisión das súas citas para unha eventual publicación das mesmas. P. ex. *Motacilla flava thunbergi*.

Detállanse a continuación os taxons homologables polo CA/SGO, ordeados taxonomicamente (AERC, 2005):

Lista de especies sometidas a homologación polo CA/SGO

ANATIDAE

Ganso de testa branca (*Anser albifrons albifrons*)
Ganso de cara branca (*Branta leucopsis*)
Pato castaño (*Aythya nyroca*)
Éider (*Somateria mollissima*)
Pato rabeiro (*Clangula hyemalis*)
Pentumeiro de á branca (*Melanitta fusca*)
Ollodourado (*Bucephala clangula*)

TETRAONIDAE

Pita do monte (*Tetrao urogallus*)

PODICIPEDIDAE

Mergullón cincento (*Podiceps grisegena*)
Mergullón real (*Podiceps auritus*)

PROCELLARIDAE

Furabuchos (*Puffinus yelkouan*)

ARDEIDAE

Abetouro (*Botaurus stellaris*)
Garza da noite (*Nycticorax nycticorax*)
Garza caranguexeira (*Ardeola ralloides*)
Garzota grande (*Egretta alba*)

CICONIIDAE

Cegoña negra (*Ciconia nigra*)

THRESKIORNITHIDAE

Mazarico negro (*Plegadis falcinellus*)

PHOENICOPTERIDAE

Flamingo (*Phoenicopterus roseus*)

ACCIPITRIDAE

Peneireiro cincento (*Elanus caeruleus*)
Millafre real (*Milvus milvus*)
Voitre negro (*Aegypius monachus*)
Aguia imperial (*Aquila adalberti*)
Aguia perdigueira (*Hieraaetus fasciatus*)

FALCONIDAE

Lagarteiro das torres (*Falco naumanni*)
Lagarteiro patirrubio (*Falco vespertinus*)

(continúa)

Lista de especies sometidas a homologación polo CA/SGO

RALLIDAE

Poliña pequena (*Porzana pusilla*)
Poliña bastarda (*Porzana parva*)
Camón (*Porphyrio porphyrio*)
Galiñola cristada (*Fulica cristata*)

GRUIDAE

Grou (*Grus grus*)

OTIDIDAE

Avetarda (*Otis tarda*)

GLAREOLIDAE

Perdiz do mar (*Glareola pratincola*)

CHARADRIIDAE

Píldora rubia (*Charadrius morinellus*)

SCOLOPACIDAE

Pilro de Temminck (*Calidris temminckii*)
Bilurico fino (*Tringa stagnatilis*)

LARIDAE

Gaivota bicofina (*Larus genei*)
Gaivota de Audouin (*Larus audouinii*)
Gaivota do Delaware (*Larus delawarensis*)

STERNIDAE

Carrán de bico curto (*Sterna nilotica*)
Carrán do Caspio (*Sterna caspia*)
Gaivina de cara branca (*Chlidonias hybrida*)
Gaivina de ala branca (*Chlidonias leucoptera*)

ALCIDAE

Arao pequeno (*Alle alle*)

PTEROCLIDAE

Ganga (*Pterocles alchata*)

CAPRIMULGIDAE

Avenoiteira papuda (*Caprimulgus ruficollis*)

CORACIIDAE

Rolieiro (*Coracias garrulus*)

PICIDAE

Peto negro (*Dryocopus martius*)
Peto mediano (*Dendrocopos medius*)
Peto pequeno (*Dendrocopos minor*)

ALAUDIDAE

Calandra real (*Melanocorypha calandra*)
Calandriña (*Calandrella brachydactyla*)
Calandriña das marismas (*Calandrella rufescens*)

MOTACILLIDAE

Pica de Richard (*Anthus richardi*)
Pica de gorxa rubia (*Anthus cervinus*)
Lavandeira amarela escandinava (*Motacilla flava thunbergi*)

PRUNELLIDAE

Azulenta alpina (*Prunella collaris*)

TURDIDAE

Pedreiro rubio (*Oenanthe hispanica*)
Merlo papobranco (*Turdus torquatus*)

SYLVIIDAE

Folosa unicolor (*Locustella luscinioides*)
Folosa real (*Acrocephalus melanopogon*)
Folosa acuática (*Acrocephalus paludicola*)
Folosa icterina (*Hippolais icterina*)
Papuxa real (*Sylvia hortensis*)
Papuxa tomiñeira (*Sylvia conspicillata*)
Picafollas asubiador (*Phylloscopus sibilatrix*)

TIMALIIDAE

Ferreiriño de bigote (*Panurus biarmicus*)

PARIDAE

Ferreiriño palustre (*Parus palustris*)

TICHODROMADIDAE

Gabeador vermello (*Tichodroma muraria*)

CERTHIIDAE

Gabeador norteño (*Certhia familiaris*)

REMIZIDAE

Ferreiriño de cara negra (*Remiz pendulinus*)

LANIIDAE

Picanzo pequeno (*Lanius minor*)
Picanzo real norteño (*Lanius excubitor*)

PASSERIDAE

Pardal mouro (*Passer hispaniolensis*)
Pardal alpino (*Montifringilla nivalis*)

FRINGILLIDAE

Verderolo serrano (*Serinus citrinella*)
Trompeteiro (*Bucanetes githagineus*)
Bicogroso (*Coccothraustes coccothraustes*)

Modelo de ficha de observación para remitir ao CA/SGO

baseada no modelo elaborado polo CR/SEO (2006)

BLOQUE 1: Especie tratada

Especie:
Número de exemplares:
Sexo:
Idade:

BLOQUE 2: Localización e circunstancias ambientais

Localidade:
Concello:
Provincia:

Data(s) e horario...

... das observacións do redactor deste informe:

Duración total:

... de observacións anteriores ou posteriores doutros observadores:

Primeiras e últimas datas, en total:

Nome do redactor deste informe:

Enderezo postal:

Teléfono:

E-mail:

Outros observadores:

Quen atopou á/s ave/s?:

Quen identificou á/s ave/s?:

Que outro observador envía tamén descrición ao CA/SGO?:

Foi atrapada a ave ou aves para anelamento?:

Método de trampeo:

Data:

Anelador e grupo:

Anela nº:

En caso de estar morta, consérvanse restos da ave ou aves?:

Onde?:

Tomáronse fotografías?:

Nome do fotógrafo (se é distinto que o remitente):

Enderezo postal (idem):

Teléfono (idem):

E-mail (idem):

Instrumental óptico e de fotografía empregado:

Distancias á/s ave/s (máxima, media e mínima):

Condicións meteorolóxicas:

Ídem de días anteriores:

Modelo de ficha de observación para remitir ao CA/SGO

BLOQUE 3: Descrición da ave ou aves

Descrición detallada da estrutura da/s ave/s rexistrada/s (tamaño, proporcións, especies coas que se compara directamente):

Descrición detallada das partes non emplumadas da/s ave/s (bico, ollo, patas, interior da boca):

Descrición detallada das partes emplumadas da/s ave/s (partes inferiores, partes superiores, cabeza, ás, cola). Organizar a descrición, preferiblemente, nomeando os grupos de plumas: coberteiras, primarias, secundarias e terciarias.

Descrición do comportamento da/s ave/s (actitudes en terra ou en voo, relacións con outras aves).

Descrición da voz e/ou canto da/s ave/s (transcrición aproximada dos reclamos e momentos e lugares de emisión).

BLOQUE 4: Outras circunstancias e discusión

Indicar calquera circunstancia de interese durante a observación que non fose mencionada en anteriores apartados (relatorio de como se atopou, aves acompañantes,...):

Experiencia previa do redactor deste informe sobre a especie:
Ídem sobre especies semellantes:

Discusión sobre a identificación desta especie fronte a outras similares:
Particularidades da plumaxe:

É factible para o remitente a orixe non natural do exemplar (escape)?

Considera o remitente totalmente segura a identificación?:
Algunha persona manifestou o seu desacordo coa identificación?:
Porque?

BLOQUE 5: Notas

Este modelo debe ser seguido o máis fielmente posible para describir á/s ave/s, ampliándoo se procede.

Esta descrición debe basearse nas notas tomadas durante a observación, e non en libros de referencia. Convén adxuntar notas de campo orixinais ou as súas fotocopias ou copia por escáner de cor (preferible), así como debuxos, aínda que sexan sinxelos ou moi esquemáticos.

Adxuntar ou insertar fotos se existir. Empaquetar con coidado estas fotos ou diapositivas. Conservar copia ao ser posible, tamén deste informe.

Pódese remitir a toda a descrición (segundo o modelo) no corpo dunha mensaxe de correo electrónico (ou mellor como arquivo adxunto) enviado a: [comite\(arroba\)sgosgo.org](mailto:comite(arroba)sgosgo.org), indicando no Asunto (Subject) a palabra CA-SGO, o nome en latín da especie e a data de observación (por exemplo: *CA-SGO Milvus milvus 15-03-08*).

No caso de remitir a información por correo postal, facelo ao apartado de correos 581, C. P. 15780 Santiago de Compostela (Galicia), poñendo no destinatario: *Comité Avifaunístico da Sociedade Galega de Ornitología*.

Comité Avifaunístico da Sociedade Galega de Ornitoloxía

<i>Secretario</i>	Cosme Damián Romai Cousido (O Grove)
<i>Secretarios adxuntos</i>	César Vidal Rodríguez (Baiona) Pablo Gutiérrez Varga (Ferrol)
<i>Vogais</i>	Serafín González Prieto (Ourense) Luis José Salaverri Leiras (Mondoñedo) Pablo Pita Criado (Ferrol) José Ramón Gómez González (Bueu) Rafael Salvadores Ramos (Vigo)
<i>Asesoramento externo</i>	José Antonio de Souza Bazarra (Oleiros)

Bibliografía

AERC-TAC. 2005. *AERC TAC Checklist of bird taxa occurring in Western Palearctic region, with distributional notes on subspecies - 15th Draft.* URL: http://www.aerc.eu/DOCS/Bird_taxa_of%20the_WP15.pdf. Con acceso: 22/03/2008.

Clavell, J.; Copete, J. L.; Gutiérrez, R.; de Juan, E. & Lorenzo, J. A. 2005. *Lista de las aves de España. Edición de 2005. Versión plurilingüe online 2.0. Castellano-Científico-Inglés-Catalán-Gallego-Vasco.* URL: <http://www.rarebirdspain.net/esplis05.pdf>. Con acceso: 22/03/2008.

Comité de Rarezas de SEO/BirdLife. 2006. *Hoja de registro de observaciones del CR/SEO (Word97, versión en castellano).* URL: <http://www.rarebirdspain.net/ficha.doc>. Con acceso: 22/03/2008.

Conde Teira, M. Á. 1999. Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada. *Chioglossa*, 1: 121-138.

Martí, R. & Del Moral, J. C.. 2003. *Atlas de las Aves Reproductoras en España.* Ministerio de Medio Ambiente/Sociedad Española de Ornitología. Madrid.

Salaverri, L. J. & Taboada, J. 2007. *XI Anuario das Aves de Galicia.* Sociedade Galega de Ornitoloxía. Santiago de Compostela.